

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A DECISIÓN DO PRESIDENTE DO GOBERNO CENTRAL, PEDRO SÁNCHEZ, DE RENUNCIAR A TRAMITAR OS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O PRESENTE EXERCICIO ECONÓMICO DO 2024 E AS SÚAS CONSECUENCIAS PARA A NOSA CIDADE.**

O portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, conforme ao disposto no Regulamento Orgánico do Pleno do concello de Vigo e da restante normativa aplicable, formula para o seu debate e aprobación na vindeira sesión a seguinte

### **MOCIÓN**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O anuncio do presidente do Goberno, o pasado día 13 de marzo, rexeitando tramitar os PGE para o presente exercicio económico logo de que o presidente do Govern de Catalunya convocara eleccións autonómicas volve deixar en evidencia, máis unha vez, a Pedro Sánchez, que viña asegurando con rotundidade que o Goberno Central si sería quen de sacar adiante as contas xerais para este 2024.

Unha decisión de incumprir as súas obrigas que non está xustificada, nin tampouco compartida polos seus socios de goberno, SUMAR, e que non responde aos intereses de España senón unicamente aos seus persoais e aos do seu partido, o PSOE, para tentar seguir no poder a calquera prezo.

"La reflexión que deberíamos compartir, y que debería hacerse el presidente, es que un gobierno que no tiene Presupuestos es un gobierno que no puede gobernar, que no puede hacer nada", afirmaba hai uns anos Pedro Sánchez sobre non presentar Orzamentos. Palabras das que agora é rehén e que amosan, unha vez máis, a súa demagogia. Algo ao que, por desgraza, xa estamos afeitos logo de tanto "cambio de opinión".

A falta de PGE 2024, implica a prórroga das contas xerais do Estado do pasado 2023, o que na práctica suporá que Vigo, máis aló do que aconteza coa provincia e o conxunto de Galicia, perda unha achega, como mínimo, de 15 millóns de euros, afondando na parálise de determinadas infraestruturas vitais para o desenvolvemento futuro da nosa cidade. Proxectos que levan anos agardando por partidas económicas que permitan a súa posta en marcha, que tampouco veremos este ano logo de verse novamente adiados.

A Biblioteca do Estado, que seguirá con 100.000 euros nos orzamentos en troques dos 3 millóns previstos; O novo Instituto de Investigación Mariñas, que tamén se quedará pendente de 5 millóns de euros para a súa nova sede na ETEA; Ou os 7 millóns para a reforma do IEO en Cabo Estai; Por non falar do novo trazado en túnel da A-52, que seguirá sin apenas consignación orzamentaria; Ou o AVE por Cerdedo que tamén se quedará en cero euros. Entre outras moitas.

Fronte a este agravio resulta cando menos rechamante a ausencia de resposta algunha por parte do goberno municipal de Abel Caballero, que optou por calar a boca e non dicir nada nun silencio cómplice. Xusto o contrario do que fixo nada máis coñecer o voto en contra do PP ao obxectivo de estabilidade orzamentaria e débeda pública, convocando un pleno extraordinario e acusando a este partido de votar en contra de Vigo. Pleno extraordinario do que, por certo, non volvemos saber nada.

Xa que logo, este grupo municipal quere instar a esta corporación municipal, e nomeadamente ao goberno municipal, a se posicionar diante desta decisión unilateral do Presidente do Goberno sen medir as consecuencias que a mesma implica implica, máis aló do seus intereses partidistas.

#### ACORDOS:

- 1 Amosar o rexeitamento deste pleno á decisión do presidente do Goberno Central, Pedro Sánchez, de renunciar a presentar uns Orzamentos Xerais do Estado no 2024, o que na práctica supón volver deixar no aire unha chea de proxectos que levan anos pendentes en Vigo e que seguirán parados ou esquecidos por falta do compromiso do Goberno Central.
- 2 Instar ao Executivo Central a reconsiderar a súa postura e cumprir coa súa obriga de presentar unhas contas para este ano.

Vigo, 20 de marzo de 2024



José Miguel Martín Peña